



MEMORIA-RESUMO DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES DE EAPN-GALICIA.

¿Que é EAPN-Galicia?

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-É) e forma parte da European Anti poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social fundada no ano 1989.

A Rede Galega Contra a Pobreza naceu en 2008 axuntando os esforzos das entidades do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia (anexo I), especialmente as implicadas na loita contra a exclusión social, a través da defensa dos dereitos e a participación social plena de todas as persoas. Nace como resposta natural á necesidade de crear para a Comunidade unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia.



Misión e visión.

A misión de EAPN-Galicia é incidir no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos dereitos e intereses das persoas en situación ou en risco de pobreza e exclusión social, promovendo cambios que optimicen os procesos de inclusión

social en Galicia.

EAPN-Galicia quere ser recoñecida como unha organización orientada á dignidade das persoas, representativa, reivindicativa, innovadora e capaz de establecer alianzas con outras organizacións para o cumprimento da súa misión.

EAPN-Galicia subscribe a Declaración Universal dos Dereitos Humanos de Nacións Unidas e asume especialmente os seguintes principios e valores:

- Compromiso
- Independencia
- Xustiza
- Solidariedade
- Democracia
- Transparencia

Obxectivos.

- **Facilitar os fluxos de información** entre as organizacións do terceiro sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.
- **Contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social** e reflexionar sobre as súas causas e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.
- **Incidir nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia**, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.



- **Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector**, desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
- **Sensibilizar ao conxunto da sociedade e corresponsabilizar aos axentes clave**, en particular Administracións Públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

Entidades membro.

ACCEM Galicia
Asociación Galicia Acolle
Asociación Plataforma polo Emprego
Cáritas Diocesana de Ourense
Cáritas Diocesana de Tui - Vigo
Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)
Cruz Vermella
Emaús Fundación Social
Federación Autismo Galicia
Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES GALICIA)
Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA)
Fundación Meniños
Fundación Secretariado Xitano
Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES 3)
Fundación Juan Soñador
Fundación Ronsel

Actividades de Difusión/Sensibilización:

CAMPAÑA DO IRPF 2011 PARA FINS SOCIAIS: X SOLIDARIA.

O sector solidario impulsor desta Campaña considera vital que, nun contexto de crise financeira que afecta aos colectivos máis vulnerables e desprotexidos, se siga incrementando a recadación da cota íntegra dos contribuínte para Fins Sociais.

O imposto da renda é o único que permite que a cidadanía poida decidir o destino dunha porcentaxe de impostos que xa lle foron retidos. Isto non quere dicir que se lle teña que pagar máis ou que se lle devolva menos.

O obxectivo da campaña é concienciar ás/aos contribuíntes sobre a necesidade de marcar o cadro de Fins Sociais na declaración da renda e aportar o 0,7% da cota íntegra a programas para os máis desfavorecidos: persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia, mulleres, etc.



Esta campaña foi unha iniciativa de ámbito estatal impulsada por la Plataforma de ONG de Acción Social. En Galicia a difusión e o impulso da campaña é liderada por **EAPN-Galicia** (Rede Galega contra a Pobreza), a Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual en Galicia (**FADEMGGA**), a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (**CGONGD**), a Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (**COCEDER**) e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (**FAXPG**).

A campaña foi presentada en Santiago de Compostela nunha rolda de prensa o día 3 de maio de 2011 na Fundación Caixa Galicia baixo o nome de "Cun pequeno xesto, as cousas cambian, queres velo?". Ademais, déronse a coñecer os datos relativos á nosa comunidade sobre beneficiarios, número de persoas que marcou a X Solidaria, cuantía do IRPF adicado a fins sociais...



II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA INCLUSIVA.

O concurso aposta pola imaxe fotográfica como motor de inclusión social: facer visibles situacións de exclusión social ao conxunto da sociedade, involucrar a fotógrafos profesionais e afeccionados en realidades que na maior parte dos casos ata agora eran alleas e sobre todo pór a disposición das persoas en situación ou risco de exclusión social un vehículo de expresión



propio. Todo elo para que os poderes públicos dirixan a súa atención cara aos colectivos máis vulnerables, **situando as persoas no primeiro plano da axenda política.**

As fotografías presentadas ao concurso están relacionadas coa temática “A Pobreza e Exclusión Social en Galicia” onde reflecten aqueles aspectos que manifesten de calquera xeito a pobreza e a exclusión social na nosa comunidade autónoma. Cada fotografía vai acompañada dun texto que explique o significado da mesma.

Este segundo certame convocouse do 29 de abril ao 15 de xullo, prazo para a aceptación dos traballos. Tras esta data, o xurado composto por membros de EAPN, fotógrafos (entre os que destaca Antonio Porto, o gañador da anterior edición) e especialmente a presidenta do Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo, fai unha selección da mellor fotografía á que se lle otorga o primeiro premio de 600 euros. Ademais, concedéronse tres accésits de 200€ en función da calidade dos traballos presentados. Entre

tódalas fotografías recibidas faise unha selección daquelas que reúnan unha calidade ou interese para formar parte da “**II Exposición de Fotografía Prioridade 1: Pobreza y Exclusión Social**”, así como para seren publicadas no **catálogo** da mesma.

EXPOSICIÓN “PRIORIDADE 1: POBREZA E EXCLUSIÓN” 2011

A **Exposición “Prioridade 1: Pobreza e Exclusión”** de 2011 xurde da selección dunha trintena de fotos das presentadas o II Concurso de Fotografía Inclusiva organizada por EAPN-Galicia. Ademais da imaxe, a mostra contén unha serie de textos explicativos que enriquece a calidade da exposición.

EAPN-Galicia ten como un dos seus principios fundamentais a participación, por iso moitos dos fotógrafos son persoas en risco de exclusión, ás que se lles ofrece un vehículo de expresión propio.

O percorrido que a mostra fará por Galicia iniciouse o 17 de outubro, Día Internacional para a erradicación da pobreza, no Parlamento de Galicia. Contamos neste acto coa presenza da Presidenta do Parlamento, **Pilar Rojo**, de deputados dos diferentes grupos parlamentarios, ademais dos premiados, dos representantes das organizacións da rede e voceiros do II Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva.

A Exposición seguiu a súa traxectoria na Fundación Rodríguez Iglesias de A Coruña, nas Xornadas "Capacidade 2011" de COGAMI en Santiago de Compostela, no Museo Provincial e no CC. As Termas de Lugo e a súa próxima cita será en Vigo.



Actividades de Formación:

I FORO DE POBREZA E EXCLUSIÓN.



30 xuño
1 xullo
2011

I FORO
GALEGO DE **POBREZA**
EXCLUSIÓN SOCIAL,
TERCEIRO SECTOR E
VOLUNTARIADO
Dende as políticas
as persoas

Centro Social Novasixavogalicia
Praza Cervantes
Santiago de Compostela

www.eapn.es - www.eapn-galicia.com



O 30 de xuño e o 1 de xullo de 2011 celebrouse en Santiago de Compostela o I Foro Galego de Pobreza e Exclusión Social, Terceiro Sector e Voluntariado, no que participan máis de 30 expertos participan na análise desta problemática dende a perspectiva europea, española e galega.

EAPN organizou este I Foro coa ambición de se converter no primeiro dos encontros de referencia en Galicia que afronten e analicen a problemática da pobreza e a exclusión social dende o triple punto de vista habitual en EAPN: europeo, español e galego.

Dirixido a responsables e persoas voluntarias de entidades de acción social así como a responsables e persoal técnico das administracións galegas, sindicatos, investigadores e comunidade universitaria, terá tres eixos condutores:

- A análise da implantación da **Estratexia Europa 2020** e dos compromisos que para Galicia supón o recentemente aprobado **Plan Nacional de Reformas**. Con especial atención ao Anteproxecto da **nova Lei de Inclusión Social de Galicia**.
- A **articulación** e a incidencia política dende o Terceiro Sector de Acción Social nun contexto de crise económica e social.
- A **participación** de persoas en situación ou risco de exclusión nas nosas entidades e nos medios de comunicación.



II ENCONTRO DE CIDADANÍA INCLUSIVA.

O 24 de setembro, EAPN-Galicia organizou o II Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva. O obxecto deste encontro de persoas en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión social é o de fomentar o intercambio de experiencias, opinións e reflexións que permitan situar a persoa e a súa participación no centro da acción pola inclusión.

Baixo o lema "*participando e construíndo futuro*" o II Encontro contou con máis de 70 participantes, ademais de representantes de entidades do Terceiro Sector Social Galego, especialmente con máis de 50 persoas moi diferentes pero cunha característica en común: poucas tiveron ata agora a ocasión de expresar en público a súa opinión, as súas preocupacións ou propostas.

Entre as actividades realizadas destaca a ponencia de Graciela Malgesini, responsable de incidencia política de EAPN España, e experta en inclusión social, a mesa de boas prácticas de persoas



que atoparon traballo a pesar da crise e das dificultades persoais, e o grupo de debate **¿Cómo melloramos a nosa participación e empregabilidade?**. As conclusións do II Encontro foron difundidas entre institucións públicas e forzas políticas, como xa se fixo na edición anterior, donde o Manifesto por unha Cidadanía Inluciva, foi asumido por unanimidade no Parlamento de Galicia.





SEMINARIO DE EAPN-ESPAÑA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O 17 e 18 de novembro de 2011 tivo lugar en Santiago de Compostela o **Seminario “A Estratexia Europa 2020 nas Comunidades Autónomas: Dous fitos contra a pobreza e a exclusión social: 2015 e 2020”** na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

O Seminario ten como principais retos: **facen efectivas as políticas de loita contra a pobreza** e a exclusión social, **garantir a participación cidadá** en todo este proceso, especialmente das persoas en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión social e **determinar o papel do Terceiro Sector de Acción Social** como actores das políticas sociais no contexto da crise.

Ademais, pretende situar a **realidade da pobreza e a exclusión social en España e en Galicia** no primeiro plano da axenda política e mediática, así como mostrar a importancia que un **Terceiro Sector de Acción Social articulado e con capacidade de incidencia** e o seu voluntariado teñen na implantación de políticas de inclusión social.



Ao Seminario acudiron ademais das EAPN de cada Comunidade Autónoma, a maioría das principais redes de organizacións non lucrativas e de voluntariado, como a Plataforma de ONG de Acción Social (**POAS**), a Plataforma do Voluntariado (**PVE**) ou o Comité Español de representantes de persoas con Discapacidade (**CERMI**).



Actividades de Incidencia Política Propositiva:

EAPN-Galicia conta cunha serie Grupos de Traballo, o redor dos que se organizan as actividades da Rede. O Grupo de Desenvolvemento Normativo é o mais vinculado ao ámbito da incidencia política. Entre os documentos elaborados o pasado ano destacan:

Observacións ao Anteproxecto da Lei de Inclusión.

O texto foi entregado o 26 de decembro na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar de Xunta de Galicia.

Neste documento recoñécese o texto do Anteproxecto de Lei de Inclusión Social de Galicia como un texto amplamente satisfactorio, que responde ás necesidades do momento actual e que mellora o marco legislativo existente, na dirección en que as persoas beneficiarias, as entidades de iniciativa social e as entidades tramitadoras viñamos demandando desde hai anos.

Algúns exemplos do que se sinalou no documento son:

- a inclusión do Diálogo Civil como unha parte esencial do proceso de elaboración dos textos xurídicos que desenvolvan a Lei de Servizos Sociais de Galicia.
- un modelo de rendas máis claro pensado a partir do itinerario de inclusión, e menos dependente dun modelo salarial.
- fixar unha postura máis decidida de protección das rendas familiares e unha casuística maior no acceso á vivenda.
- En relación coa RISGA, propuxemos estudar mecanismos alternativos para lograr que exista unha diferenza maior entre a RISGA cun tramo de axuste persoal e a prestación complementada cun tramo de acceso ao emprego e que tivesen a consideración de vítimas as persoas que sexan vítimas de explotación sexual ou de trata de persoas.

As Organizacións Sociais, a Contratación e as Subvencións Públicas.

O 21 de xuño de 2011, o equipo directivo de EAPN Galicia mantivo unha xuntanza co Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, e coa Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero. A razón da mesma era a entrega do informe "*Concretando a Estratexia Europa 2020. Retos para Galicia en materia de inclusión social*", que se fixo a finais do 2010 e comezos do 2011. Co espírito de colaboración institucional propositiva e construtiva que caracteriza a EAPN entendemos que era o goberno galego e non a opinión pública o destinatario do informe.

Concordamos as dúas partes en que as sociedades non poden distribuír os recursos que non xeran, polo que o obxecto do noso informe consistía en poñer de manifesto que o Terceiro Sector de Acción Social ten capacidade de ofrecer servizos de calidade en tempos de crise (facer máis con menos), pero que necesita ver compensadas algunhas desigualdades respecto do sector lucrativo. Ademais, como Rede de Loita contra a Pobreza, consideramos que, mediante unha interlocución máis ampla, podemos identificar os sectores máis desprotexidos fronte á crise e a forma de focalizar os recursos para facer posible a loita contra a pobreza e a exclusión social, que son hoxe máis necesarias ca nunca.

O obxecto do documento é ofrecer unha reflexión arredor da igualdade de oportunidades respecto da contratación pública entre as empresas lucrativas e o Terceiro Sector de Acción Social, incluíndo tamén algunhas cláusulas sociais que permitan establecer unha maior igualdade de oportunidades no mercado de traballo mediante a contratación pública. Noutras palabras: "Por que as Administracións Públicas efectúan unha discriminación negativa das



entidades sen ánimo de lucro que lles impiden competir en igualdade coas entidades e/ou empresas con ánimo de lucro?" E, "que podemos facer para mellorar a situación actual e avanzar cara a unha maior igualdade de oportunidades".